

# A CASA DO BOSQUE

Maurice Pialat, 1971

# 1784

ESTREA EN NUMAX: 03.07.2026 | V.O.S.E. | 195' + 169'

Dividida en sete episodios, esta serie de culto de Maurice Pialat conta a historia duns nenos parisiños que, a causa da Primeira Guerra Mundial, son enviados a unha vila da Francia rural, onde son acollidos por un matrimonio con tres fillos. Pialat consideraba A casa do bosque a súa mellor obra. Porén, esta serie de televisión, invisible durante trinta anos e nunca emitida no noso país, segue a ser a grande obra mestra descoñecida do director de A os nosos amores.

«Poucas series da historia da televisión absorben e emocionan como 'A casa do bosque'»

CAIMÁN, CUADERNOS DE CINE



## Unha luz que xa non existe

Por Ramón Alfonso

Entre a súa ópera prima, *A infancia espida* (1968), e aquela dolorosa disección da fin dunha parella, titulada *Nós non envellecemos xuntos* (1972), Pialat realiza para a televisión, sobre a base dun texto redactado por René Wheeler, *A casa do bosque*, en aparencia, unha exposición novelesca da Gran Guerra, localizada nunha zona rural non moi distinta á fotografada no seu primeiro filme. En verdade, esta serie, fragmentada en sete episodios, pódese ler a modo de variante suplementaria da longametraxe anterior. Como este, o relato convócase en relación a un neno acollido durante un período convulsionado, privado ou colectivamente, e a súa conexión progresiva con diferentes figuras e o escenario.

Por todo iso, *A casa do bosque* conduce a unha urxente contestación d'*A infancia espida*. O agresivo individualismo de resistencia daquela, e a firme reprobación a un réxime adulto odioso e irrazonable, transfórmase nun cauteloso, máis franco, eloxio do irmandamento e a reunión interxeracional. A diferenza do neno magoado do filme anterior, o pequeno parisino Hervé si atopa, cando menos momentaneamente e rodeado doutras crianzas perdidas, o seu auténtico lugar no mundo na casa de acollida do afectuoso gardabosques e a súa esposa.

A serie podería considerarse un singular tratado crítico do cinema francés, desde as súas orixes ata, talvez, o inicio da Segunda Guerra Mundial. Neste sorprendente instrumento de interpretación resaltan, sen ningunha dúbida, dúas marcas: Renoir e Lumière. O traballo sobre a explicación do conflito nas marxes, é o máis *renoir* de Pialat por esa expresiva luminosidade que irrompe, mesmo, nos tramos máis aflixidos, como, por exemplo, esa secuencia da noticia da morte do fillo maior do gardabosques durante a batalla, respectuosa e exquisitamente planificada e executada. A citada luz preponderante sumada á gobernanza delicada das circulacións das figuras no campo configura para a cámara un lenzo en movemento de alento impresionista. Da mesma forma que a Renoir n' *Unha partida de campo* (1936), a Pialat obsesiónalle a captura nos seus cadros dunha luz que xa non existe. Este é o tema recorrente d'*A casa do bosque*. A historia de Hervé e os seus veciños, o reencontro co papá, e a volta a París, ou as afirmacións sobre a retagarda e o seu fráxil acougo non son máis que xustificacións dramáticas esixidas durante esa investigación da luz utopista levada a cabo xunto ao director de fotografía Roger Duculot.

Estas pinturas en movemento esixen, unha e outra vez, a súa autosuficiencia, mentres redefinen a tradicional relación das escenas nun corpo completo. As tomas non buscan, necesariamente, o desenvolvemento dunha agrupación complexa. Así, pode lerse o traballo a modo dunha antoloxía inquieta e crítica de filmes breves dos Lumière. Este espazo admirable axústase coa reunión de versións modernas de *Partida de naipes* (1895), *Rifa de nenos* (1895), *O almorzo do bebé* (1895), ou, por que non?, *O regador regado* (1895). No tumulto dos Novos Cinemas, o cineasta fai valer a limpidez das primeiras miradas, á vez que suxire unha deconstrución intelectual e carnal. En todos os achados florecen, ademais, uns resplandores de emocionado humanismo. O propio autor encárgase de outorgarlle un poderoso armazón coa súa encarnación do avellentado mestre de escola. Esa mirada, a un tempo, envellecida e xuvenil, case sempre, inesperadamente soñadora, determina o carácter xeral dunha experiencia inesquecible.